

A FAUNA E A VEXETACIÓN DE GALICIA

A fauna de Galicia

En Galicia existe unha importante diversidade de fauna salvaxe .

A fauna das serras

Nos bosques das montañas hai **mamíferos** grandes como o gamo, o corzo e o lobo, e outros máis pequenos como son o leirón, a marta e a garduña.

Aves representativas desta zona son as de rapina, como a aguia real e a aguia cobreira, e paxaros como os petos reais, etc.

A fauna da costa

A costa galega ten unha fauna diversa en función dos diferentes ecosistemas:

* Nas lagoas costeiras podemos ver **aves** como as garzas reais, as garzas cinsentas, os cullereiros, os parrulos

e as galiñolas.

* Nos cantís viven **aves mariñas** como as gaivotas, os corvos marinos, as pardelas, os mascatos e os paíños.

* Nas praias habitan aves como a gabita e a píllara. A fauna piscícola con **peixes** como a anguía, o salmón e a saboga é importante nos esteiros

A fauna do interior

O resto do territorio galego mantén unha fauna aínda abundante. Algunhas das especies animais que salientan son o coello, a lebre, o raposo, o ourizo cacho , a perdiz, a troita e o barbo.

Animais en perigo de extinción

A caza ilegal, a destrución de hábitats ou a introdución de especies doutros lugares son factores que poñen en perigo de extinción a especies animais que habitan na nosa Comunidade . Son mamíferos como o oso, de

presenza escasa, con algún exemplar na Serra dos Ancares , aves como a pita do monte, case extinguida por mor da caza furtiva, ou de invertebrados como o cangrexo de río autóctono , tamén en situación de desaparición .

Fauna galega

Mamíferos

lobo

castelán	inglés	francés
lobo	wolf	loup



Clasificación científica
Reino: Animalia
Filo: Chordata
Clase: Mammalia
Orde: Carnivora
Familia: Canidae
Xénero: <i>Canis</i>
Nome científico
<i>Canis lupus</i>

corzo

castelán	inglés	francés
corzo	roe-deer	chevreuil



Clasificación científica
Reino: Animalia
Filo: Chordata
Clase: Mammalia
Orde: Artiodactyla
Familia: Cervidae
Xénero: <i>Capreolus</i>
Especie: <i>C. capreolus</i>
Nome científico
<i>Capreolus capreolus</i>

garduña

castelán	inglés	francés
garduña	beech marten	fouine



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Subfilo:	Vertebrata
Clase:	Mammalia
Orde:	Carnivora
Suborde:	Caniformia
Familia:	<u>Mustelidae</u>
Xénero:	<i>Martes</i>

Nome científico

gamo

castelán	inglés	francés
gamo	fallow deer	daim



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Mammalia
Orde:	Artiodactyla
Familia:	Cervidae
Xénero:	<i>Dama</i>
Especie:	<i>D. dama</i>

Nome científico

Dama dama

leirón

castelán	inglés	francés
lirón	dormouse	loir



Clasificación científica	
Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Mammalia
Orde:	Rodentia
Familia:	Gliridae
Xénero:	<i>Eliomys</i>
Nome científico	
<i>Eliomys quercinus</i>	

ourizo cacho

castelán	inglés	francés
erizo	hedgehog	hérisson



Clasificación científica	
Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Mammalia
Orde:	Erinaceomorpha
Familia:	Erinaceidae
Subfamilia:	<u>Erinaceinae</u>
Xénero:	<i>Erinaceus</i>
Nome científico	
<i>Erinaceus europaeus</i>	

raposo

castelán	inglés	francés
zorro	fox	renard



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Mammalia
Orde:	Carnivora
Suborde:	Caniformia
Familia:	Canidae
Xénero:	<i>Vulpes</i>
Especie:	<i>V. vulpes</i>

Nome científico

Vulpes vulpes

teixugo

castelán	inglés	francés
tejón	badger	blaireau



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Subfilo:	Vertebrata
Clase:	Mammalia
Orde:	Carnivora
Familia:	Mustelidae
Xénero:	<i>Meles</i>
Especie:	<i>M. meles</i>

Nome científico

Meles meles

Aves

garza cincenta

castelán	inglés	francés
garza azulada	great blue heron	grand héron



Clasificación científica	
Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Aves
Orde:	Pelecaniformes
Familia	Ardeidae
Xénero	<i>Ardea</i>
Nome científico	
<i>Ardea herodias</i>	

aguia real

castelán	inglés	francés
águila real	golden eagle	aigle royal



Clasificación científica	
Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Aves
Orde:	Falconiformes
Familia:	Accipitridae
Xénero:	<i>Aquila</i>
Nome científico	
<i>Aquila chrysaetos</i>	

corvo mariño

castelán	inglés	francés
cormorán	cormorant	cormoran



Clasificación científica

Reino: Animalia
Filo: Chordata
Clase: Aves
Orde: Pelecaniformes
Familia: **Phalacrocoracidae**
Xénero: ***Phalacrocorax***

Nome científico

Phalacrocorax carbo

cullereiro

castelán	inglés	francés
espátula	eurasian spoonbill	<u>spatule</u> <u>blanche</u>



Clasificación científica

Reino: Animalia
Filo: Chordata
Clase: Aves
Orde: Pelecaniformes
Familia: Threskiornithidae
Xénero: *Platalea*

Nome científico

Platalea leucorodia

gaivota clara

castelán	inglés	francés
gaviota argétea	herring gull	goéland argente



Clasificación científica

Reino: Animalia
Filo: Chordata
Clase: Aves
Orde: caradriformes
Familia: Laridae
Xénero: Larus

Nome científico

Larus argentatus

garza real

castelán	inglés	francés
garza real	grey heron	héron cendré



Clasificación científica

Reino: Animalia
Filo: Chordata
Clase: Aves
Orde: Ciconiiformes
Familia: Ardeidae
Xénero: *Ardea*

Nome científico

Ardea cinerea

mascato

castelán	inglés	francés
alcatraz	gannet	fou de bassan



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Aves
Orde:	Pelecaniformes
Familia:	Sulidae
Xénero:	<i>Morus</i>
Especie:	<i>M. bassanus</i>

Nome científico

Morus bassanus

paíño europeo

castelán	inglés	francés
paíño europeo	european storm-petrel	océanite tempête



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Aves
Orde:	Procellariiformes
Familia:	Hydrobatidae
Xénero:	<i>Hydrobates</i>

Nome científico

Hydrobates pelagicus

pardela cincenta

castelán	inglés	francés
pardela grande	Cory's Shearwater	puffin cendré



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Aves
Orde:	Procellariiformes
Familia:	Procellariidae
Xénero:	<i>Calonectris</i>
Especie:	<i>C. diomedea</i>

Nome científico

Calonectris diomedea

pita do monte

castelán	inglés	francés
urogallo	heath-cock	coq de bruyère



Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Aves
Orde:	Galliformes
Familia:	Tetraonidae
Xénero:	<i>Tetrao</i>

Nome científico

Tetrao urogallus

A vexetación de Galicia

A vexetación característica de Galicia é o **bosque atlántico**. Nel atopamos castiñeiros, bidueiros e ameneiros aínda que a árbore máis representativa do bosque atlántico é o **carballo**. As **matogueiras** deste bosque están formadas por fieitos, breixos, toxos e xestas. O carballo podemos atopalo en bosques case exclusivos del (**carballeiras**) ou mesturado con outras árbores, dando lugar a unha **fraga**.

En termos xerais podemos distinguir dous grandes zonas de vexetación en Galicia

* **Zona de vexetación de serras** .Nas serras máis altas a vexetación natural está mellor conservada . Aquí podemos ver bosques de piñeiro silvestre, castiñeiro e rebolo. Os **soutos** , que son bosques de castiñeiros . podemos atopalos nos vales do Sil e do Miño . A **devesa**

é tamén característica desta zona , esencialmente é un bosque mixto composto de faias e doutras árbores . No monte baixo destas zonas atópanse breixos, xestas loucas e piornos.

*** Zona de vexetación transformada.** A acción do home modificou intensamente a vexetación natural de moitas zonas e de diferentes maneiras . Bosques transformados en prados e leiras . Bosques autóctonos foron substituídos por especies máis rendibles economicamente como o é o piñeiro e o eucalipto. Aínda así nesta zona este tipo de vexetación altermase con pequenas formacións de bosques autóctonos como as carballeiras

A vexetación de montaña

É característico das zonas de montaña a ubicación da vexetación en diferentes niveis de altura . Así por exemplo , nas Serras Centrais , no nivel dos 300 metros están as arandeiras , pasados os 500 metros

vemos os carballos , a partir dos 1000 metros é o cerqueiro , e o bidueiro aparece xa no nivel dos 1500 metros

Zonas de vexetación de Galicia



A vexetación de Galicia

Árbores e follas

bidueiro

castelán	inglés	francés
abedul	birch	bouleau



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fagales
Familia: Betulaceae
Xénero: *Betula*
Especie: *B. pubescens*

Nome binomial

Betula pubescens

castiñeiro

castelán	inglés	francés
castaño	chestnut tree	<u>châtaignier</u>



Clasificación científica

Reino:	Plantae
División:	Magnoliophyta
<u>Clase:</u>	Magnoliopsida
Orde:	Fagales
Familia:	Fagaceae
Xénero:	<i>Castanea</i>
Especie:	<i>C. sativa</i>

Nome binomial

Castanea sativa

ameneiro

castelán	inglés	francés
aliso	alder-tree	aune



Clasificación científica
Reino: Plantae
Filo: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orden: Fagales
Familia: Betulaceae
Xénero: <i>Alnus</i>
Nome científico
<i>Alnus glutinosa</i>

faia

castelán	inglés	francés
haya	beech-tree	hêtre



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fagales
Familia: Fagaceae
Xénero: *Fagus*

Nome científico

Fagus sylvatica

carballo

castelán	inglés	francés
roble	oak tree	rouvre



Clasificación científica

Reino: Plantae
Filo: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fagales
Familia: Fagaceae
Xénero: *Quercus*

Nome científico

Quercus robur

Arbustos e outras plantas

toxo

castelán	inglés	francés
tojo	gorse	ajonc



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fabales
Familia: Fabaceae
Xénero: *Ulex*

Nome científico

Ulex europaeus

fieito

castelán	inglés	francés
helecho	fern	fougères



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Pteridophyta

Nome científico

Pteridophyta

xesta

castelán	inglés	francés
retama	broom	genêt



Clasificación científica
Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Orde: Fabales
Familia: Fabaceae
Xénero: <i>Cytisus</i>
Nome científico
<i>Cytisus scoparius</i>

piorno

castelán	inglés	francés
piorno	Spanish broom	genêt purgatif



Clasificación científica
Reino: Plantae
División: Magnoliophyta
Clase: Magnoliopsida
Familia: Fabaceae
Xénero.: <i>Cytisus</i>
Nome científico
<i>Cytisus purgans</i>

breixo

castelán	inglés	francés
brezo	heather	bruyère



Clasificación científica	
Reino:	Plantae
División:	Magnoliophyta
Clase:	Magnoliopsida
Orde:	Ericales
<u>X</u> énero:	<i>Calluna</i>
Nome científico	
<i>Calluna vulgaris</i>	